

realizar van a ser as seguintes:

Revitalización Demográfica: impulsando os nacementos e ampliando a cobertura da educación infantil como medida incentivadora da natalidade, a través de 7.500 axudas complementarias á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos, e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral co apoio a medidas de conciliación e corresponsabilidade nas que se prevé un total de 975 persoas beneficiadas, das que 775 son mulleres.

Mellorar as condicións das familias traballadoras a través da ampliación da rede de escolas infantís, ampliando a cobertura e mantemento dos centros de atención a primeira infancia de 0-3 anos cun total de 2.740 prazas atendidas, a creación de 1.007 novas prazas en escolas infantís (Plan Educa 3) e 9 centros reformados e equipados.

III.1.2. OE 2. Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

A sanidade considérase un pilar do estado de benestar, un instrumento que contribúe á mellora da calidade de vida dos cidadáns e ao desenvolvemento social.

Desenvolverase un novo modelo organizativo que permita a optimización dos recursos asistenciais para converter ó cidadán en protagonista e receptor das políticas de saúde e os profesionais en protagonistas da estratexia sanitaria, coa finalidade de manter un sistema sanitario viable e responsable.

Este obxectivo estratéxico representa o 54,3 % do Eixe I, e o 38,9 % sobre o total do PEG, cun importe de 3.511,7 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M04 "Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia" (co 22,4 % de obxectivo, e o 8,7 % do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	55.455.425
412A ATENCIÓN ESPECIALIZADA	2.091.682.678
412B ATENCIÓN PRIMARIA	1.248.897.248
413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	68.557.843
414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	47.093.774

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
10-CONSELLERÍA DE SANIDADE
01-SECRETARÍA XERAL TECNICA
02-D.X. INNOVACION E XESTION SAUDE PUBLICA
103-SERGAS

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
<i>OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas</i>	3.511.686.968	
M01 Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de vida Saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermarse	26.677.933	0,8 %
M02 Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria	105.967.184	3,0 %
M03 Garantir o financiamento dos novos hospitais e reforzar a rede de infraestruturas sanitarias incluíndo o emprego de fórmulas de pago aprazado	26.474.446	0,8 %
M04 Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia	786.249.884	22,4 %
M99 Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas	2.566.317.521	73,1 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	3.503.342.381	99,76%
FCI	998.907	0,03%
FEDER	3.539.735	0,10%
Orzamentos xerais do Estado	3.805.945	0,11%

O obxectivo xeral da Consellería de Sanidade é levar a cabo unha política sanitaria que proporcione unha atención de calidade á saúde dos galegos e galegas, dando resposta ás súas necesidades, en tempo e forma, a través de accións que diminúan a carga de enfermidade, a prevención, e prestando os servizos asistenciais que precisa, e asegurando a sostibilidade financeira do sistema público mediante a aplicación de criterios de xestión eficiente.

No Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014 identifícanse os problemas de saúde que se priorizan, pero non só se centra en enfermidades, senón que inclúe áreas nas que se precisan melloras organizativas ou de recursos. Este Plan forma un todo coa "Estratexia Sergas 2014", de tal forma que os seus principais obxectivos son comúns.

Os obxectivos priorizados neste Plan son:

OBXECTIVO I: Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través

de dispositivos asistenciais e plans específicos como:

Programas de Cribado: Cancro de Mama; Cancro de Colon; Cribado de Xordeira Neonatal e Cribado de Metabolopatías, con una participación do 50%.

Impulso da prevención con Programas de Vacinación Infantil e de Adultos cunha cobertura do 50%, e con cunha cobertura de vacinación do 95%, en programas de protección e control das enfermidades transmisibles tanto en adultos como en infantís.

Garantir a atención urxente e emerxente na Comunidade Autónoma, con 5.000 persoas adultas atendidas por vía de urxencia, e 1.000 menores.

Modernización das Infraestruturas: Hospitais, Centros de saúde, CAR, Tecnoloxía; reformas diversas complexo hospitalario universitario de Santiago, ampliación e reformas hospital de Monforte, ampliación e reformas C.H.Universitario de Vigo; plan director dos hospitais do Salnés, complexo hospitalario de Ourense, hospital Arquitecto Marcide; novas actuacións centros de saúde (construción e equipamento), e equipamentos en centros de atención especializada.

OBXECTIVO 2: Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos, coa redución dos tempos de espera: cirúrxicas, consulta e diagnóstico, e a posta en funcionamento de circuitos rápidos e desenvolvemento de consultas de alta resolución, conseguindo a redución dos tempos de espera cirúrxica con prioridade I a 30 días, e a espera cirúrxica en oftalmoloxía, con prioridade III, en 180 días.

Implantar dúas vías rápidas de consulta en sospeita de patoloxía grave cun tempo medio de espera (TME) inferior a 15 días en cada área de xestión integrada.

OBXECTIVO 3: Definir unha política de persoal alineada coas necesidades do sistema e dos profesionais, mellorando a calidade da formación sanitaria no ámbito da docencia clínica impartida nos centros do sistema sanitario público de Galicia, e potenciando a capacidade dos profesionais sanitarios en investigación; a formación continuada dos Profesionais: planificar e mellorar (ordenación, formación, estabilidade, desenvolvemento, seguridade, comunicación, conciliación, xubilación).

OBXECTIVO 4: Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións, a través de accións como a modernización da avaliación das tecnoloxías sanitarias e dos sistemas de información; que o 30% da poboación teña acceso o Call - Center; modernizar a tecnoloxía sanitaria implantando nun 75% a Historia Clínica Electrónica.

OBXECTIVO 5: Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas con todos os axentes implicados.

OBXECTIVO 6: Xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente, mellorando o rendemento, a produtividade e a eficiencia a través de actuacións dirixidas a mellorar o desenvolvemento económico do contorno hospitalario, impulsando nun 10% a centralización das compras de medicamentos e produtos sanitarios, e incidindo cada vez máis na dispensación e prescrición dos medicamentos xenéricos para alcanzar un 14%.

III.1.3. OE 3. Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

A través deste obxectivo trátase de intensificar a relación entre o sistema educativo e as demandas sociais. No seu conxunto, a educación facilita a capacitación dos traballadores, a produtividade e a competitividade da economía.

De modo relevante, a mobilidade de grupos específicos -como investigadores, mozos, voluntarios, mozos emprendedores- e as facilidades para a circulación dos coñecementos -como é o recoñecemento das cualificacións profesionais e os intercambios na senda do programa Erasmus- son achegas para a permanente mellora do sistema educativo, que persegue a reforma da formación profesional, a reestruturación cara a un ensino trilingüe, a integración das universidades galegas no espazo europeo de educación superior (EEES) e a introdución das TIC en todos os niveis de ensino.

Inclúese neste obxectivo o desenvolvemento da cultura e as actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico.

Este obxectivo estratéxico representa o 35,3 % do Eixe I, e o 25,3 % sobre o total do PEG, cun importe de 2.283,8 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M02 "Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade" (co 14,3 % do obxectivo, e o 3,6 % do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto: